



PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 16-06-2022, ditou a resolución con número 1887/2022 que deseguido se transcribe:

"RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDO/AS E EXCLUIDO/AS PARA A CONTRATACIÓN DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE 5 SOCORRISTAS PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO DO CONCELLO DE CARBALLO

Por Resolución núm 1733/2022 de 06/06/2022 foron probadas as bases da convocatoria para a selección, mediante o sistema de concurso- oposición libre, de cinco (5) persoas (coa categoría profesional de socorrista - oficial 2ª) e posterior contratación laboral de duración determinada por circunstancias da produción, que desenvolverán o seu traballo nas praias do Concello de Carballo de acordo coas necesidades do servizo. Estas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 110 do día 10/06/2022 e foron publicadas tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello e nas páxinas locais do Diario de Bergantiños e da Voz de Galicia do 11/06/2022.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de acordo co sinalado na Base cuarta, pola presente:

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral de duración determinada por circunstancias da produción de 5 socorristas para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático, segundo o detallado nos Anexos I e II desta Resolución.

Segundo.- Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello. De acordo co establecido na base cuarta da convocatoria, **concédese un prazo de TRES días hábiles** para presentar as reclamacións e subsanacións de defectos, **que se iniciarán o día seguinte ao da publicación desta resolución no Taboleiro de Edictos do Concello**. De non efectuar as subsanacións no prazo requirido serán excluídos definitivamente do proceso selectivo.

ANEXO I: Listaxe provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de 5 socorristas.

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	DATA REXISTRO	DNI CODIFICADO
1	MESEJO RAMA	ENRIQUE	20220000003411	15/06/2022	***7407**

ANEXO II: Listaxe provisional de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de 5 socorristas

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	Data rexistro	DNI CODIF	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
1	NEGREIRA CAAMAÑO	PABLO	202200000003391	15/06/2022	***4471**	1

Causas de exclusión:

- (1) *Non achegar xunto coa inscrición no Rexistro Profesional previsto no parágrafo f) da base terceira copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura no Anexo IV do Decreto 104/2012, así como non presentar o Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente.*

En Carballo, na data sinalada á marxe do documento,

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria acctal.,

Carmen del Río Rodríguez

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretaria acctal.,
Carmen del Río Rodríguez